

Acta da sesión ordinaria do **Comité Ambiental** celebrada o día **29 de maio de 2018** na Sala de Xuntas do Decanato da Facultade de Ciencias da Educación, coa asistencia dos seguintes membros:

Vicedecano de Infraestruturas: Roberto Suárez Brandariz

Coordenador Técnico: Pedro Vega Marcote

Secretaria Comité: Araceli Serantes Pazos

Sector Docentes:

Ánxela Bugallo Rodríguez

Eduardo Pásaro Méndez

Juan Carlos Rivadulla López

Nuria Rebollo Quintela

Lucía Vázquez Ben

Sector Alumnado:

Rodrigo Gil Cedillo

Desculpa a súa asistencia os profesores Manuel Peralbo Uzquiano e Blanca Laffón Lage. Asimesmo as alumnas Vanessa Pazos Leis e carolina Val Rey. A profesora Rosa caramés Balo segue de baixa laboral.

Comenza a sesión as 11:45 horas, para trata-lo seguinte **Orde do día:**

PUNTO 1.- Leitura e aprobación, si é o caso, das actas pendentes de sesións anteriores.

Toma a palabra o Vicedecano que xustifica a ausencia do decano por problemas de axenda, xa que coincidía esta reunión co Consello de Goberno da Universidade. Como quera que as actas encontrábanse a disposición dos presentes e ninguén presenta suxestións, apróbanse por asentimento.

PUNTO 2.- Informe das actividades realizadas.

O Vicedecano dalle a palabra ao Coordinador Técnico do Comité o profesor Pedro Vega para que informe sobre as principais actuacións levadas a cabo neste cuadrimestre:

- 1) Problemas cos aireadores dos grifos dos baños. Pola configuración física dos mesmos nosn se poden usra os máis eficiente. Se mengua o problema regulando o caudal na orixe.
- 2) Mapa de ruído. En colaboración cun curso da OMA, elabóranse os mapas acústicos da Facultade, Campus e Cidade. Acadáronse, en liñas xerais, millores

resultados que os do ano pasado, destacando as importantes milloras nos datos da biblioteca e, como punto negativo, que non millorou a cafetería.

- 3) GREEN CAMPUS: Actualización do Facebook, do apartado da web e do taboleiro do Green Campus.
- 4) Aproveitando a circunstancia da aprobación dos regulamentos de réxime interno dos novos departamentos e mesmo da facultade incluíronse neles referencias ás intencións de seguer a loitar pola redución do impacto ambiental tanto nas compras como nos consumos.
- 5) Guías docentes. Aparte das liñas que figuran en moitas delas incidindo en non empregar plásticos e fomentar o uso do papel reciclado ou a impresión a dúas caras... a pretensión e ser máis ambiciosos e tentar de incluír nos apartados das guías de Resultados de Aprendizaxe e Contidos aspectos relevantes do Green Campus. As competencias agoran están pechadas, pero cara o ano que ven, poderían engadirse.
- 6) Propónse una reunión cos delegados de curso ao comexo do curso (cara a setembro / outubro) coa intención de conciencialos nestas problemáticas.
- 7) Recollida de Residuos. Actualmente hai un conflito importante co servizo de recollida de papel e cartón. Isto xenera una publicidade nefasta cara á comunidade universitaria: promovemos a reciclaxe e os residuos amoreanse... Incidindo neste aspecto cabe saliantar que millorou a recollida selectiva do papel e cartón, máis non na separación orgánico/inorgánico.

A continuación podúronse varias intervencións de compoñentes do Comité:

Lucía Vázquez apostou pola creación de unha aplicación que indicara claramente (sic) aos usuarios onde vai cada cousa, sen dúbidas.

Araceli Serantes, adxunta de Cultura, apunta que dende a vicerreitoría van facilitar un curso de deseño de aplicacións.

Ánxela Bugallo cree que a solución pasaría por promover traballo de aula. Tamén propón destacalo nas Xornadas de Acolida e diante dos coordinadores de curso: Decálogo dunha facultade sustentable.

Nuria Rebollo propón revisar convenios coas empresas que premian a reciclaxe (compensación en metálico ao devolver envases).

Araceli Serantes apunta que cree que o alumnado ten pensado que o das papeleiras foi unha actuación puntual e non permanente. Asimesmo fala de cambio de hábitos na NORMAL, os agasallos do servizo son garrafas de aluminio para reechar de auga.

Pregunta si o concesionario da cafetería oferta xarras de auga do grifo tal e como obriga a lei.

Pedro Vega indica que poranse nas escaleiras da facultade rótulos similares aos que hai en Terapia Ocupacional sinalando as calorías consumidas por usar as escaleiras en detrimento dos ascensores.

PUNTO 3.- Proposta de programación para o próximo curso.

Toman a palabra sucesivamente distintos membros do Comité facendo suxerencias para a programación do próximo curso.

Araceli Serantes suxire enviar un correo a todo o profesorado convidándoo a tomar partido pola sustentabilidade.

Rodrigo Gil fala do profesor Héctor Posse e as competencias en xogos populares ou tradicionais nunha das súas materias.

Araceli Serantes comenta una interesante actividade levada a cabo no Grao de Educación Social e relacionada tamén cos Xogos Populares, na que os monitores eran rapaces dun Instituto.

Ánxela Bugallo propón actividades cos seus alumnos de recollida de residuos na facultade e/ou arredores.

Araceli Serantes comenta ou convida aos asistentes as actividades de limpeza das praias.

PUNTO 4.- Información sobre o IV Mes de Outubro UDC Saudable.

Toma a palabra o vicedecano para solicitar a colaboración do profesorado na próxima edición da UDC Saudable, organizada este ano pola Facultade de Enfermería e Podoloxía de Ferrol. Recorda aos asistentes que o ano pasado fora a nosa facultade a encargada da organización e agora o director da UDC Saudable (Sergio Santos) solicitábase a organización dalgún evento no mes de outubro na nosa facultade, no marco das Xornadas.

Tanto a profesora Ánxela Bugallo como Araceli Serantes, con docencia no primeiro cuatrimestre, comprométese a enviar sendos borradores de actividades ao vicedecano.

PUNTO 4.- Rolda de intervencións.

Eduardo Pásaro comenta o lastimoso estado en que se atopan os cuadros da instalación eléctrica que hai na parte posterior da rampla exterior de acceso ao andar 0. Ante os comentarios do vicedecano de poñelo en coñecemento do enxeñeiro da universidade, ofrécense a facilitar as fotos precisas para iluminar o pertinente informe.

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión sendo as 12:20 horas.

Asdo.: Araceli Serantes Pazos